

Pugliese, Carmen. **Viaje a Santiago de Compostela de Giacomo Antonio Naia (1717-1719): texto integral en español.** Perugia-Pomigliano d'Arco: Edizioni Compostellane, cop. 2012.

Obra que inclúe o relato *Viaggio in Ponente a San Giacomo di Galitia e Finisterrae (1717-1719)* do frade carmelita Giacomo Antonio Naia, traducido ao castelán pola estudosa do mundo xacobeo Carmen Pugliese. Contén ademais un interesante ensaio desta sobre o desenvolvemento da peregrinación a Compostela durante o século XVIII.

Aínda que tradicionalmente considerouse que neste século a peregrinación xacobeá está en declive, este é pródigo en relatos de viaxe xacobeos. Nesta época dáse un significativo cambio na tipoloxía do peregrino, comeza a prevalecer o espírito picaresco. Non en van, tal como nos explica Pugliese, o termo francés *coquin* (pícaro) deriva de *coquille*, a cuncha símbolo da peregrinación compostelá. O camiño pobóase de vagabundos, esmoleiros e mendicantes que se mesturan cada vez máis cos auténticos peregrinos e inflúenlles na súa maneira de peregrinar. Prodúcese una fractura entre o mundo intelectual e os estratos sociais que realizan a peregrinación que se afastan cada vez máis da nacente sociedade ilustrada das enciclopedias e as academias, tal como sinala Paolo Caucci von Saucken na súa presentación do libro.

Neste contexto atopámonos ao protagonista do noso relato, Giacomo Antonio Naia, ao que Carmen Pugliese describe como un frade que parte na súa viaxe levando como equipaxe un burro, un monicreque, unha guitarra e un repertorio de cancións burlescas. Disto vive no camiño, xa que entendía de música e era director, guionista e intérprete do seu propio espectáculo. Era moi frecuente neste século que os peregrinos se gañasen a vida na súa viaxe grazas a traballos que realizaban a cambio dunha retribución. Naia, ademais do seu espectáculo xograresco, como relixioso oficiaba misas e recibía esmola.

Pugliese compara ademais este texto no seu estudo introdutorio con outros relatos odepóricos do setecentos, analizándoo de forma exhaustiva e esbozando de forma precisa e, sobre todo, amena e entretida, o mundo das peregrinacións da época. O diario de Naia é ademais unha verdadeira xoia que non só nos amosa este mundo, senón que é unha excepcional contribución para coñecer a España de comezos do século XVIII, o que o converte nunha lectura moi recomendable.